

Herminio Barreiro

Xosé NEIRA VILAS

Coñecémonos persoalmente na Habana en 1971 (eu sabía del por César Arias, do grupo Brais Pinto). Gañara un premio de Radio Habana Cuba e alá foi. Estivo na miña casa. Un día e outro camiñamos xuntos a cidade. Leveino ó Museo da Revolución e ó de Belas Artes, e tamén ó Palacio do Centro Galego; visitamos a casa das Américas, a universidade, o Instituto de Literatura e Lingüística; fomos ás vellas fortalezas, ó Parque Martí... Resultou un encontro entrañable; amigamos deseguida. De volta foi portador do orixinal da miña novela *Remuíño de sombras*, que editaría Castrelos.

Cruzámonos logo algunhas cartas, e en cada viaxe nosa a Galicia, viámonos en Madrid ou en Santiago, onde estivemos no seu fogar e coñecemos a Mercedes e ós fillos (dous nenos daquela).

Un día preguntoume por Herminio Almendros, aquel educador manchego exiliado en Cuba. Anisia traballaba con el na Editora Juvenil, e puido informalo. Ía ser o protagonista da súa tese de doutoramento; logo cambiou de rumbo e escolleu a Lorenzo Luzuriaga, exiliado na Arxentina.

Nunha ocasión levounos ó seu Sisán natal. Coñecemos ós pais e á irmá. O pai (mestre xubilado, que padecera a represión franquista) mostrounos os seu baceiros de albariño e tamén os do viño espadeiro, que cantara Cabanillas.

Presentoume, xenerosamente, en dúas ocasións, na galería Sargadelos de Santiago: cando dei a coñecer o meu libro de contos *Tempo novo*, e cando Olegario Sotelo Blanco me entregou un premio do Centro Galego de Barcelona. Outro día levounos ó pazo santiagués de Raxoi, onde o seu amigo Luís Cochón me entrevistou para a televisión. Estivo varias veces en Gres, na miña casa paterna (sempre me traía algunha botella de albariño).

Chamábanlle «mestre de mestres». Profesor de Pedagogía e teórico da renovación pedagóxica de Galicia. Articulista e autor de varios libros (o derradeiro foi *Recordar doe*, unhas memorias da súa etapa de estudante).

Son moitos os recordos. Un día propúxolle a unha ex alumna, María do Carme Regueira, que o tema da súa tese de doutoramento, dirixida por el, fosen os nenos e nenas na miña obra. Cadra que esta amiga vén de rematar o traballo.

Era un galego de lei, un marxista sen volta, un pedagogo vocacional. Era un home de ben, sinxelo, solidario, valente na defensa das súas conviccións.

Fóisenos. Perdín un amigo, perdeu Galicia un patriota e a universidade, un profesor exemplar.